

	IES MARÍA CASARES. Departamento de EDUCACIÓN FÍSICA		1º ESO 2023-2024
	MATERIA	EDUCACIÓN FÍSICA	
	PROFESOR/A	Susana Penas Martínez	

UNIDADES DIDÁCTICAS.	
1ª AVALIACIÓN	Coñecémonos. Presentación de contidos e coñecemento entre os membros do grupo
	Empezo a quentar: Quecemento e estrutura da sesión.
	Coñezo o meu corpo: Cualidades físicas básicas: Resistencia y velocidad
	Xogo á corda
	Do xogo dos 10 pases ao balonmán.
2ª AVALIACIÓN	Os xogos de sempre
	O cartenis e balloon. Deporte de oposición con golpeo con material autoconstruído.
	Expresome e bailo: A zumba
3ª AVALIACIÓN	Iniciámonos nun deporte colectivo: O voleibol
	Isto é ximnasia: Iniciación en actividades ximnásticas.
	Saímos: Coñecemento da contorna e a súas posibilidades para realizar exercicio físico.
	PAS: Coñecemento das pautas básicas de primeiros auxilios.
OBSERVACIÓNS	
A programación vai a depender do tempo atmosférico e das instalación que podamos utilizar, en función de ratio de cada clase.	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO CURSO ORDINARIO

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Nas táboas de indicadores que se utilizarán para a avaliación das distintas unidades didácticas valoraranse os contidos do seguinte modo:	
Contidos relacionados co traballo diario en clase	60%
Probas teórico-prácticas.	40%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

OBSERVACIÓNS: Para aprobar as avaliacións é necesario obter un 5 na media aritmética dos apartados.

A nota final do curso será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

Cando o alumnado non se presente a un exame debido a causa xustificada, como norma xeral, realizará o exame o primeiro día que se incorpore á clase desta materia. Tamén poderá colgar o exame práctico na AV, sempre que o profesorado o indique

As unidades didácticas non superadas terán o seu período de recuperación ao longo do curso. O profesor, despois de coordinalo cos alumnos correspondentes, realizará as probas cando o considere oportuno para a mellor consecución posible dos obxectivos propostos.

METODOLOXÍA PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Durante o curso realizaranse tamén **actividades lectivas fora do centro**, que serán incluídas e avaliadas xuntamente ao seu bloque de contidos.

Para o desenvolvemento dalgúns contidos da materia utilizaremos os arredores do Instituto así como praia de Bastiagueiro e instalacións do INEF